

PROPOSTAS DE FUTURO EDUCATIVO ACHEGADAS AO CONGRÉSO DO MUNDO RURAL

As conclusións que seguen son froito dun traballo extenso e da achega de moitas persoas da comunidade educativa local e de diferentes entidades. O Congreso estivo coordinado pola Secretaría da Escola Rural de Cataluña e polo grupo interuniversitario da escola rural GIER. A nosa cooperación co Congreso formalízase coas XIII Xornadas da Escola Rural de Berga, ao remate do curso 2004-2005. O Congreso, e máis concretamente o seu director, asumiu as liñas de actuación que se anotaban e propúxonos profundar durante o proceso de rural 06. A modalidade para a reflexión e o debate serían os "Foros para o Diálogo", que tiveron lugar en Lleida, o 12 de novembro de 2005, o primeiro deles co título **“A educación e a nova realidade sociolóxica nas vilas”** e o segundo en Girona, o 11 de febreiro de 2006, co título **“O itinerario educativo no mundo rural”**.

Foron espazos para o encontro, o intercambio de ideas e de opinión e para propostas dos diferentes axentes educativos, comunitarios e sociais relacionados co mundo rural, con pais e nais, con representantes de concellos, con persoas relacionadas co tempo libre, con representantes sindicais do ensino, con representantes sindicais do campesiñado, con mestres de diferentes etapas educativas, con profesorado universitario e doutras persoas con sensibilidade cara a educación.

Entendemos o concepto de educación dunha maneira global e ampla, onde a escola rural e o seu modelo inclusivo ten unha gran importancia, mais hai moitos outros temas que temos que tratar para potenciar unha formación integral e integradora para todas as persoas que viven diferentes etapas da súa vida no ámbito rural. Esta formación pasa, nun primeiro lugar, polo recoñecemento das necesidades e demandas de cada etapa e, en segundo lugar, pola presentación dunha oferta educativa e cultural que cree sinerxías.

Aquí apuntaremos as principais liñas de actuación que consideramos que teñen que emprenderse desde agora mesmo. Xorden en primeiro lugar catro principios xenéricos:

1. A educación: responsabilidade compartida

A educación é unha responsabilidade de todo o Goberno e da sociedade. Mais alá do departamento de educación, consideramos que ten que haber políticas transversais de todas as consellerías para potenciar o desenvolvemento rural

Hai experiencias en diferentes países neste sentido, a partir de axencias que se afanan de forma interdepartamental para alcanzar esta finalidade. Fai falta unha conciencia máis profunda do feito de que o investimento máis grande que se pode facer polos pobos e pola sociedade en xeral é en educación. Para iso é necesario un aumento do orzamento educativo, cos correspondentes medios de seguimento e avaliación, co fin de optimizalo correctamente.

2. Observatorio da Escola Rural

É un sentimento compartido que as normativas que saen do Departamento de Educación teñen una visión “urbanocéntrica” é dicir, demasiado centradas en todo aquilo que pasa no mundo urbano e na escola grande. Consecuentemente, as persoas que vivimos e/ou traballamos nas vilas pequenas, e moi particularmente os mestres das escolas rurais, acostumamos ser unha excepción que, para continuar séndoo, nos fai falta xustificar reiteradamente a nosa forma de facer e de actuar. É por isto que instamos o Departamento de Educación a crear o Observatorio da Escola Rural. Este observatorio tería 3 finalidades básicas: 1) recoller información con fin de facer unha planificación educativo-formativa o máis completa e racional posible. 2) elaborar documentos explicativos sobre a realidade das escolas rurais co fin de que toda a regulamentación do Departamento de Educación sexa respectuosa e se adapte ao mundo rural e á súa escola, e 3) impulsar e desenvolver investigacións vinculadas á educación nos espazos rurais.

3. Igualdade real de oportunidades

Ningunha persoa que vive no mundo rural pode quedar sen posibilidades de educación ao longo da súa vida por razóns económicas ou por dificultades de mobilidade. Se queremos tender á igualdade real de oportunidades e ao tan mencionado equilibrio territorial, fai falta non deixarse levar só pola rendibilidade, fai falta apostar pola formación das persoas que viven por todo o territorio en vilas pequenas.

4. Levar á práctica

O Congreso foi un espazo excelente para a reflexión, para o diálogo e para a proposta. Agora hai que empezar a poñerse a traballar no sentido que mostraron os seus diferentes ámbitos de traballo. Instamos o Goberno da Generalitat a asumir as propostas e comezar a iniciar experiencias. Coa condición de que se obterá proveito socialmente e de que nos poderemos beneficiar, faise de acordo coas necesidades sentidas, reais e expresadas polo tecido social, por concellos e por outras administracións e por persoas do territorio concreto. Estes catro principios lévannos a delimitar unha serie de liñas educativas cara ás que hai que tender:

1. Vila educadora

Un proxecto educativo de vila é unha opción político-social que hai que garantir independentemente da vontade do goberno municipal conxuntural. As limitacións dalgunhas localidades pequenas pódense mellorar a partir da mancomunidade de municipios. Aparece a figura do técnico educador rural, coñecedor do territorio e que potencie a creación de proxectos e actividades acordos coas necesidades da xente e para o desenvolvemento cultural do territorio.

2. Nova realidade social

A nova realidade sociolóxica do país, e tamén das nosas vilas, fai que as persoas que acaban de chegar e a diversidade cultural sexa unha realidade. É necesario poder contar con recursos e coa organización precisa para que as necesidades destas familias se teñan en conta á hora de facer o deseño de accións formativas e ser conscientes que todos temos cousas para aprender e para ensinar.

3. Educación infantil

A concepción educativa que temos da educación infantil (0-6 anos), mais a realidade cambiante que estamos vivindo os pobos a nivel sociolaboral fainos crer moi conveniente a necesidade de crear escolas berce onde hai, ou pode haber, escola rural. Consideramos que teñen que estar integradas física e pedagoxicamente, de maneira que se poida facer un itinerario educativo coherente dos 0 aos 12 anos na vila. O primeiro ciclo da educación infantil (0-3 anos) é competencia dos concellos. Coidamos que necesitan apoio e acompañamento por parte da Generalitat, sobre todo, con respecto a cuestións de financiamento e infraestruturas

4. Escola inclusiva

A escola rural foi inclusiva por definición, pola diversidade de idades do alumnado, pola diversidade de procedencia, pola diversidade de estilos de aprendizaxe, pola diversidade metodolóxica, pola constante vontade de incidir en aspectos da educación integral da persoa como a autonomía, a cooperación, a solidariedade e o respecto ao medio. Hai que manter este modelo e integrar o alumnado que acaba de chegar, que engade diversidade á xa diversa situación da escola da vila. Opinamos que debería haber unha discriminación positiva para que as escolas das vilas puidesen dispoñer dos mesmos recursos e servizos que as escolas grandes.

5. Autonomía de centro e de ZER (Zona Escolar Rural)

O noso modelo educativo de escola e Zona Escolar Rural cremos que ten que basearse na autonomía responsable, de forma que o centro poida tomar decisións significativas sobre que ensinar, cando e como. Tamén ten que haber a posibilidade de xestionar directamente os recursos co fin de optimizalos e adaptalos ao máximo ás necesidades.

6. Ensino secundario (obligatorio e post-obligatorio)

O paso á educación secundaria obrigatoria implica o desprazamento do alumnado a municipios máis grandes. Xulgamos que é necesario valorar a posibilidade de crear CES (Centros de Ensino Secundario 12-16 anos) onde

se poidan adaptar e vincular á realidade específica do territorio, mediante a coordinación de dinámicas, contidos e formas de aprender que faciliten uns verdadeiros itinerarios educativos de educación obrigatoria.

7. Formación ao longo da vida

Hai que pensar na formación da xente das vilas unha vez que remata o período obrigatorio. Fai falta unha oferta formativa de tipo profesional –FP, formación ocupacional e continuada– axeitada ás necesidades laborais do territorio. Fai falta un sistema de axuda suficiente para a mocidade que ten que estudar fóra do pobo. Da mesma forma que hai profesorado que se despraza ás ZER, tamén se poderían buscar fórmulas mancomunadas neste sentido.

8. Servizos educativos

Fai falta unha rede de servizos básicos para cada vila para a formación permanente, algúns compartidos con outros municipios da zona. Fai falta involucrar concellos, institucións, empresas.... A biblioteca e os espazos para as novas tecnoloxías convértense en imprescindibles, independentemente do número de habitantes.

9. Formación do profesorado

Instamos a todas as universidades de Cataluña que imparten os estudos de mestre, para que no plano de formación inicial dos futuros mestres inclúan a realidade da escola rural nas materias obrigatorias (incluídas as practicas), optativas e/ou de libre configuración como modelo educativo.

O traballo que fixemos ao longo destes tempos pódese resumir nunha frase que aparece no sentido de todas e de cada unha das partes deste texto: a educación é o mellor investimento para o mundo rural.

Miquel Payaró e Isabel Viaplana
Coordinadores do Secretariado da Escola Rural
Roser Boix
Coordinadora do GIER